



### **MEMORIA 2014**

Finalizado o 2014, e como vén sendo habitual preséntase unha Memoria para resumir en cifras o traballo realizado polo Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Ourense durante o pasado ano, en cumprimento das funcións que lle encomendan a Lei de Bases do Réxime Local e o propio Regulamento do Tribunal.

En aplicación deste último e por acordo do Pleno do Concello de Ourense en sesión do 2 de maio de 2014 procedeuse á prórroga do nomeamento dos actuais membros do Tribunal por outros catro anos, dando continuidade ao seu mandato.

Tamén cabe resaltar, en atención á petición de reforzo organizativo realizada para o Tribunal, a adscrición a este a principios do 2015 dun funcionario municipal con categoría de auxiliar administrativo, consolidando desta forma a estrutura administrativa mínima necesaria para o seu axeitado funcionamento.

A resolución de conflitos entre os cidadáns e o Concello de Ourense en materia de tributos locais e demais ingresos de dereito público, encomendada ao Tribunal, articulouse, ao igual que en exercicios anteriores, na aplicación da normativa tributaria e os criterios asentados por este órgano colexiado de carácter técnico. Neste sentido, pódese destacar o respaldo xudicial no criterio denegatorio seguido polo Concello de Ourense e por este Tribunal Municipal con relación ás solicitudes de anulación e/ou devolución de ingresos indebidos de autoliquidacións e liquidacións tributarias presentadas e ingresadas polo Imposto sobre o Incremento de valor dos Terreos de Natureza nos exercicios previos á anulación definitiva do PXOM de Ourense do ano 2003 por Sentenza do Tribunal Supremo do 9 de marzo de 2011.

As estatísticas que se acompañan neste documento agrupan, numericamente, o labor do Tribunal no exercicio 2014, presentándose un cadro resumo global, un relativo aos acordos adoptados nas reclamacións económico-administrativas, unha clasificación por conceptos e outra segundo o período de recadación das débedas.

#### **CADRO I. RESUMO GLOBAL DO 2014**

<b>TOTAL EXPEDIENTES TRAMITADOS</b>	<b>175</b>
<b>RECLAMACIÓNS REXISTRADAS</b>	<b>131</b>
<b>RECLAMACIÓNS RESOLTAS</b>	<b>170</b>
<b>DICTAMENES</b>	<b>1</b>
<b>INFORMES</b>	<b>4</b>
<b>RECLAMACIÓNS PTES. RESOLUCIÓN</b>	<b>141</b>
<b>RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS</b>	<b>4</b>

- As reclamacións económico-administrativas rexistradas no 2014 foron 131.
- O número total de expedientes tramitados no exercicio das competencias do Tribunal chegou aos 175, incluíndo neles as reclamacións económico-

administrativas resueltas(167), dous recursos extraordinarios de revisión, un recurso de anulación, o ditame emitido sobre o proxecto de modificación da ordenanza fiscal n.º 27 reguladora da taxa por uso e prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais para o exercicio 2015, e os informes elaborados a petición da Recadación Municipal consecuencia de procedementos concursales(4).

- As reclamacións resoltas recollidas no cadro I, incorporan as tramitadas ata decembro de 2014, e corresponden ás presentadas no exercicio 2012, 2013 e 2014 co seguinte detalle:

2012	2013	2014	TOTAL RESOLTAS
14	145	11	170

## CADRO II. RECLAMACIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS

	TOTAL RECLAMACIONES	%
ESTIMACION TOTAL	20	12
ESTIMACION PARCIAL	5	3
DESESTIMACION	120	70
ARQUIVO SATISFACCION EXTRAPROCESUAL	7	4
INADMISIBILIDADE	18	11

- A forma de terminación das reclamacións mediante arquivo de actuacións por satisfacción extraprocesual refírense a liquidacións practicadas por IBI (3), sancións tributarias(2) e sancións de tráfico(2) nas que se produce a súa baixa ou anulación no tempo que transcorre dende a presentación ata a resolución da reclamación.
- As resolucións de inadmisibilidade, prodúcense na súa maioría como consecuencia da presentación fóra de prazo das reclamaciones(14), e en moita menor medida, por falta de lexitimación ou representación do reclamante (1), ou de competencia do Tribunal(3).

## CADRO III. CLASIFICACIÓN POR CONCEPTOS

	TOTAL RECLAMACIÓN	%
IBI	17	10
IVTM	23	13,5
IIVTNU	21	12
IAE	2	1
ICIO	1	0,5
TAXAS	19	11,5
SANCIÓN	31	18,5
TRIBUTARIAS		
SANCIÓN TRÁFICO	50	30
OUTROS	6	3

- Do cadro III despréndese que as reclamacións resoltas corresponden principalmente a liquidacións por IBI, IVTM, IIVTNU, así como a sancións tributarias e en materia de tráfico.
- No concepto taxas inclúense reclamacións referidas a ingresos tributarios pola ocupación do dominio público local, basicamente instalación de valos e vaos, e en menor medida taxas polo servizo de extinción de incendios e por licenzas urbanísticas.
- O apartado OUTROS refírese a multas de disciplina urbanística(3), cotas de urbanización de xuntas de compensación(1), execución subsidiaria por disciplina urbanística(1) e canon concesional(1).

#### **CADRO IV. CLASIFICACIÓN POR PERIODO DE RECADACIÓN**

	<b>TOTAL RECLAMACIÓN</b> S	<b>%</b>
<b>PERIODO VOLUNTARIO</b>	<b>85</b>	<b>50</b>
<b>PERIODO EXECUTIVO</b>	<b>85</b>	<b>50</b>

O PRESIDENTE DO TRIBUNAL

Luis María Bermúdez de la Puente Villalba